XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE SESTELO-BAIÓN
CURSO: 6º PRIMARIA
MATERIA: Ed. Plástica
DATA: 12-05-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A música e a plástica teñen un valor innegable en calquera cultura. Isto xustifica a presenza de ambas na etapa de primaria .
As competencias artísticas desenvólvense a través de múltiples procesos que permiten a apropiación de sensacións, técnicas, experiencias de reprodución, creación e reflexión acordes co nivel de desenvolvemento das alumnas e dos alumnos. As actividades artísticas son fundamentais para o desenvolvemento da capacidade de creación do alumnado e para o enriquecemento dos procesos de socialización.
A creatividade non pode estar ligada a unha área concreta. Na escola deben proporcionárselles ás nenas e aos nenos experiencias artísticas que contribúan á construción do seu sentido estético e a unha formación básica para que poidan seguir interesándose por continuala no futuro.

Esta programación baséase no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
O CEIP de Sestelo-Baión ten as Etapas de Infantil e Primaria .
Mestra que impartirá a Educación Artística : Mª da Esperanza Doval Lago.

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A Educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc., e todas elas están relacionadas co desenvolvemento das competencias clave do currículo:

– 1º. Comunicación lingüística (CCL).
– 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
– 3.º Competencia dixital (CD).
– 4º. Aprender a aprender (CAA).
– 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
– 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
– 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O traballo en Plástica permitiralle ao alumnado realizar lectura de imaxes, analizar e gozar coas obras de arte e expresarse usando mensaxes icónicas, técnicas e materiais o máis adecuadamente posible. Trátase de proporcionarlles ás rapazas e aos rapaces habilidades de observación e interpretación de imaxes, procesos de experimentación que lles axuden a ir atopando solucións persoais e innovadoras, así como actitudes de reflexión e valoración sobre as súas producións.

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 6º primaria | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| **Bloque 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL** | |
| B1.1. Formular opinións oralmente que expresen as achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores. | EPB1.1.1. Observa e explica aspectos e características das obras artísticas.<br>EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.<br>EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.<br>EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.<br>EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos. |
| B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca de imaxes fixas. | EPB1.3.1. Manexa programas informáticos para a busca de imaxes dixitais que lle serven para a ilustración de textos. |
| **BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA** | |
| B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando a expresividade dos diversos materiai.. | EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.<br>EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.)<br>EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.<br>EPB2.1.4. Experimenta con materiais.<br>EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.<br>EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.). |

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| | |
|---|---|
| B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado. | EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.<br>EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal, con axuda, como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.<br>EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais. |
| B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes. | EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.<br>EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos. |
| B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as. | EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.<br>EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.<br>EPB2.5.3. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.<br>EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades. |
| **BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO** | |

| | |
|---|---|
| B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica. | EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízaos nas súas composicións con fins expresivos.<br>EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.<br>EPB3.1.6. Traza círculos co compás.<br>EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.<br>EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente. |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos**: Avaliarase ao alumnado a partir das avaliacións anteriores e estes procedementos adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020.<br>Os procedementos utilizados son a observación sistemática e a análise das producións dos alumnos/as. |
| | **Instrumentos:**<br>-Producións plásticas.<br>-Diario de clase e caderno do alumno/a. |
| **Cualificación final** | **Procedemento para obter a cualificación final de curso**: |
| | **Procedemento para obter a cualificación final de curso**:<br>**-1ª Avaliación:** computará un 45% do total da cualificación final do curso.<br>**-2ª Avaliación:** computará un 45% do total da cualificación final do curso.<br>**-3ª Avaliación:** valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballarase na recuperación e reforzo dos estándares de aprendizaxe non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Propóñense actividades semanais que traten a información visual e musical, posibilitando o desenvolvemento da creatividade, a imaxinación, a autonomía, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa, etc. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Ofrecer recursos educativos de calidade de Ed. Musical para axudar ao alumnado e ás familias nesta situación.<br>Os estándares son adaptados á situación. |
| **Materiais e recursos** | Galería de imáxenes, debuxos, manualidades, guións de traballo, ...feitas pola mestra; libros dixitais, documentos pdf, vídeos, descargas mp4, xogos interactivos, enlaces, recursos na rede, páxina web do centro e do EDLG,... |

CEIP SES
Lugar de Sestel
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A través da **plataforma Agueiro** e/ou por correo da plataforma educativa. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |